

COMPARECENCIA DO DIRECTOR XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES E COA UE PARA INFORMAR DO CUMPRIMENTO DO CÓDIGO ÉTICO INSTITUCIONAL

(Criterios básicos para a regulación das viaxes oficiais ao exterior dos altos cargos da Administración autonómica galega)

Parlamento de Galicia, 12 de xullo de 2018

Señor Presidente, señorías:

En cumprimento do Código Ético Institucional, comezo a miña intervención como ven sendo costume dando conta principal das viaxes oficiais do Presidente da Xunta ao exterior.

Durante o pasado semestre, o Presidente desprazouse a Israel, México e Bruxelas. Asemade, aproveitarei a ocasión para informarlles da súa recente viaxe a Lisboa, considerándoo pertinente dada a proximidade no tempo da mesma, ao que supoño non haberá ningún reparo.

O desprazamento a Israel desenvolveuse entre o 30 de xaneiro e o 1 de febreiro, cun propósito eminentemente comercial. Cómpre estimar que Israel é un pequeno país pero moi avanzado. Un país que conseguiu sobresaír en industrias punteiras en sectores de alto valor engadido e con enorme proxección de futuro, polo que paga a pena explorar posibles oportunidades de cooperación e de negocio, para diversificar o noso tecido produtivo,

algo que nos permitiría obter máis recursos para lograr financiar as políticas e servizos públicos que precisa a sociedade galega.

O Presidente estivo acompañado polo Conselleiro de Economía, Emprego e Industria, pola Directora da Axencia Galega de Innovación (GAIN), polo Director do IGAPE e por unha delegación empresarial integrada por vinte representantes de empresas e centros tecnolóxicos. Durante a viaxe, o propósito central da iniciativa galega foi transmitir a nosa aposta pola iniciativa Industria 4.0, cun ecosistema de innovación e vantaxes fiscais e administrativas para captar investimento en áreas como as que despuntan en Israel –TIC, software, robótica, biotecnoloxía, aeronáutica, enxeñería, ...-. Alí lembrouse que o plan galego de innovación mobilizará preto de 1.800 millóns de euros e incrementará nun 10% o persoal empregado en I+D, ata acadar os 10.400 profesionais.

Cómpre salientar igualmente que, cos datos pechados, as exportacións de Galicia a Israel aumentaron en 21 millóns de euros en 2016, o que implicou un 23% máis que en 2015, sendo a automoción o sector máis notable, cun 61,3% do total daquelas.

Entre as empresas visitadas pola delegación galega atopouse Mobileye, firma especializada no desenvolvemento da conducción autónoma e na tecnoloxía de seguridade vial. A este respecto, debemos recordar a ligazón do Centro Tecnolóxico da Automoción de Galicia (CTAG) co Grupo PSA, que inclúe a Peugeot-Citroën, cuxo primeiro modelo de coche autónomo saíu da súa factoría de Vigo. Neste contexto, o CTAG convidou aos executivos de

Mobileye a visitar as súas instalacións e a coñecer a todo o subsector galego da automoción.

O Presidente tamén visitou a Universidade Hebrea de Xerusalén, e singularmente o seu centro de transferencia de tecnoloxía, coñecido como *Yissum*, creado en 1964, e que traballa con empresas como a propia Mobileye, e outras innovadoras como Orcam, Collplant, Qlight ou Briefcam, ademais de firmas consolidadas como Novartis, Johnson & Johnson, Merck, Intel, Google ou Boston Scientific. Deste xeito Israel conseguiu incrementar a eficiencia do investido en investigación, a pesares do seu escaso tamaño e tamén acelerar os procesos de comercialización para obter retornos económicos que retroalimenten axiña o proceso. Isto é algo do que podemos aprender e tirar consecuencias.

O Presidente asistiu ademais ao *OurCrowd Global Investor Summit 2018*, plataforma especializada en captar capital-risco para empresas innovadoras, algo que complementou axeitadamente o espírito da viaxe na busca de novas oportunidades de negocio e desenvolvemento para Galicia, alén de sectores tradicionais ou excesivamente maduros dende o punto de vista da obsolescencia.

Rematou a viaxe cunha visita ao Museo da Historia do Holocausto.

Entre o 30 de abril e o 5 de maio o Presidente viaxou a México, acompañado polo Conselleiro de Economía, Emprego e Industria e máis polo Director do IGAPE, acompañando a case

medio cento de empresas galegas, a metade delas do sector agroalimentario. Ademais da compoñente comercial, o obxectivo foi ampliar os contactos institucionais con membros do Goberno mexicano e reforzar os lazos culturais e económicos que nos unen.

A delegación galega participou no evento denominado “Encontro Gastronómico con Galicia”. Trátase dun escaparate onde as empresas do sector puideron amosar ante máis de 300 profesionais a calidade dos produtos galegos.

Na misión comercial organizada pola Xunta, a través do IGAPE e a Cámara de Comercio da Coruña, dentro do Plan Foexga¹, tamén participaron outras 22 compañías de diferentes sectores –como a confección infantil, consultoras TIC, enxeñarías, automoción, maquinaria industrial, naval e do sector da alimentación–, que puideron concertar un cento de reunións para abrir novas vías de negocio entre Galicia e México.

Ademais, o Presidente da Xunta tivo ocasión de agradecer ao presidente mexicano, D. Enrique Peña Nieto, a confianza depositada en Galicia ao longo dos seus seis anos de mandato. Asemade, reuniuse co Secretario de Economía do Goberno mexicano -que confirmou a colaboración de ProMéxico no Galicia Investor’s Day, que se celebrará en outubro- e cos gobernadores dos Estados moi industrializados do país, como son o Estado de México e o de Oaxaca.

¹ Fomento das exportacións galegas.

O 15 e o 16 de maio, o Presidente estivo en Bruxelas xunto coa Conselleira do Mar. O momento elixido para esta viaxe estivo axeitadamente planificado para cadrar entre a publicación pola Comisión Europea das súas propostas sobre o futuro Marco Financeiro Plurianual e a inminente presentación das propostas de regulamentos, que permitirán xestionar eses futuros recursos.

Así pois, a Xunta, coa axuda da Fundación Galicia Europa, deseñou unha axenda de traballo para o Presidente, co obxectivo de defender os intereses galegos no orzamento comunitario 2021-2027, intereses centrados principalmente na Política da Cohesión, na Política Agrícola Común, na Política Pesqueira Común, na Rede Transeuropea de Transporte, nas posibles repercusións do Brexit e nos retos demográficos xunto co correspondente apoio europeo para superalos.

A visita constou de tres citas fundamentais, complementada cunha recepción para celebrar o trixésimo aniversario de presenza institucionalizada de Galicia en Bruxelas, que contou con numerosos altos cargos das institucións europeas, como eurodeputados, a entón directora xeral de Orzamentos da Comisión e hoxe ministra española de Economía, D^a Nadia Calviño, diplomáticos españois e cidadáns galegos e persoas con intereses en Galicia que traballan, principalmente, nas institucións da Unión.

No encontro co Presidente do Parlamento Europeo, Sr. Antonio Tajani, o Presidente galego lembroulle a importancia da nosa agricultura, pesca e aproveitamento forestal, ademais da necesidade de estender o Corredor Atlántico ata Galicia, e da

contribución europea aos retos demográficos. En relación co Brexit, explicou como a saída do Reino Unido da UE sen un acordo de retirada podería supoñer que a frota galega perdese ata un terzo das súas capturas. Por iso, Galicia defende a necesidade de chegar a un acordo satisfactorio e que nel quede reflectido que o acceso dos produtos británicos ao mercado europeo fiquese supeditado ao recíproco acceso pesqueiro europeo nas augas británicas, tal e como xa reflicte a posición europea a día de hoxe.

Días despois deste encontro, a Comisión Europea publicou a súa proposta para a modificación dos nove corredores multimodais de transporte na UE, na que incluía a demanda galega. Durante 2017 a Xunta traballou en diferentes frontes para tratar que isto fose así, aliándose con Castela e León e Asturias, defendendo a súa postura ante o Ministerio competente e tamén perante a Comisión Europea, por medio dun documento de posicionamento acordado na Comisión do Arco Atlántico, rede que reúne a quince rexións de toda a fachada atlántica. Esta decisión, que deberá ser referendada polo Parlamento e polo Consello, facilitará o financiamento por parte do *Mecanismo Conectar Europa* da modernización da vía férrea que une Palencia con Monforte de Lemos, Ourense, Vigo, Santiago e A Coruña, mellorando daquela o transporte de mercadorías que entran nos portos da Coruña e Vigo.

De seguido, o Presidente da Xunta reuniuse coa comisaria de Política Rexional, Corina Cretu. Unha vez que a antedita proposta de Marco Financeiro Plurianual deixou claro que a Política Rexional ou da Cohesión tería suficientes recursos como para dirixirse a todas as rexións - algo que Galicia viña reclamando dende había

dous anos, sumándose a iniciativas como “Xuntos pola Cohesión” ou á “Alianza pola Cohesión”-, a reunión con Cretu centrouse en como sería a arquitectura da futura Política Rexional, para o que o Presidente transmitiu a posición galega que, previamente, elaborara a Xunta e que defendeu en diferentes foros, como o Comité das Rexións. Esta posición contén varias demandas relativas á simplificación administrativa e responde ás cuestións expostas no debate previo, como a necesidade de maior flexibilidade e rendemento dos fondos estruturais, ou a súa meirande vinculación co proceso de coordinación das políticas económicas dos Estados membros (Semestre Europeo).

A filtración días antes dun borrador das propostas, facía temer a eliminación da actual categoría de rexións “en transición”, que cobre ás rexións cun PIB per cápita de entre o 75 e o 90% da media europea, na que se situaría Galicia. Por iso, o Presidente defendeu a necesidade de manter unha categoría específica para territorios afíns, ademais de resaltar a importancia dos fondos destinados á cooperación transfronteiriza –fundamentais para a nosa estratexia con Portugal-, e tamén de que a UE axude cos fondos estruturais ás rexións con problemas demográficos, tan abondosas na Unión, e que non se centre obsesivamente no fenómeno da inmigración, como desexan algúns Estados.

Dúas semanas despois, a publicación dos regulamentos confirmou o mantemento da categoría de rexións en transición, así como unha maior flexibilidade para que as rexións executen estes fondos, o que semella positivo para os nosos intereses, xa que ademais facilita poder utilizalos en maior medida para encarar os

retos demográficos. España é, de maneira engadida, un dos poucos Estados que resulta beneficiado desta proposta, pois recibiría un 5% máis que no período actual, algo que, sen dúbida, beneficiará a todas as CC.AA., incluída, por suposto, Galicia.

Na reunión coa Comisaria, esta confirmou asemade que, finalmente, tras o contacto mantido co seu gabinete nos meses previos, visitará por primeira vez Galicia a finais deste ano. Estamos daquela a traballar nesta visita.

Finalmente, o Presidente fixo a defensa no pleno do Comité das Rexións do ditame “O FEMP alén de 2020. Investir nas comunidades costeiras de Europa”.

A transcendencia do FEMP para Galicia é incuestionable, como principal instrumento de financiamento da política marítima e pesqueira da UE. Como primeira rexión pesqueira da Unión, Galicia é a principal receptora deste fondo, con 371 M€ durante o período 2014- 2020 (preto dun 6% do total).

Por este motivo, o Presidente da Xunta postulouse en outubro para redactar este ditame de propia iniciativa, co que se pretendía influír na redacción da proposta de regulamento da futuro FEMP. En estreita colaboración coa Consellería do Mar, ao ser a propia conselleira nomeada experta para a elaboración do ditame, este documento foi debatido dúas veces en comisión e finalmente aprobado por unanimidade no pleno de maio, tras negociar 35 emendas e presentar 11 emendas de compromiso.

A Comisión Europea publicou a súa proposta para a novo FEMP a principios de xuño. Esta proposta recolle a grandes liñas as demandas galegas, especialmente en canto ao apoio á frota costeira artesanal e á diversificación da actividade económica nas zonas costeiras. O feito mesmo de que se manteña un fondo específico para as actividades marítimas e pesqueiras é algo tamén do que debemos felicitarnos dado que, fronte ás novas prioridades europeas e ao Brexit, este resultado non se podía dar por feito.

Outras cuestións da proposta regulamentaria da Comisión Europea están influídas polo ditame do CdR, como son a introdución dunha marxe para mellorar a definición das actividades que poden ser financiadas; o aumento na flexibilidade do seu uso para adecuarse a situacións cambiantes; a maior posibilidade de combinar este fondo con outros fondos europeos; unha maior simplificación e axilización na súa xestión; ou a estrutura do fondo, que mantén unha parte horizontal xestionada pola UE e outra especificamente adecuada aos Estados membros e xestionada por estes.

Como continuación desta visita e, por mor da publicación das máis de 20 propostas de programas de financiamento para o período 2021-2027, a Xunta de Galicia está a analizalas para defender os seus intereses ante o Consello e o Parlamento Europeo.

Por último, o 2 e 3 de xullo, o Presidente viaxou a Lisboa, acompañado polo Vicepresidente e por min mesmo.

Ademais de manter un encontro coa colectividade galega, entrevistouse co Presidente da Cámara Municipal de Lisboa, Dr. Fernando Medina, e coa secretaria de Estado de Industria, Dra. Ana Teresa Lehman. Neste encontro afondouse nas oportunidades de cooperación en novos eidos industriais de alto valor engadido, nos que portugueses e galegos nos complementamos, como son a nanotecnoloxía e biotecnoloxía, e as novas aplicacións da industria 4.0 extensibles a sectores maduros, como o textil ou o metal, forestal e agroalimentario.

Tamén se reuniu o Presidente co Ministro de Planeamento e Infraestruturas, D. Pedro Marques, tratando a mellora das interconexións enerxéticas e, especialmente, a mobilidade ferroviaria, que vai ter un novo pulo dende Portugal cara á fronteira miñota, agora que a República irmá vai superando a crise económica, circunstancia da que nos felicitamos fondamente.

O colofón da viaxe foi a entrevista co Presidente da República, Dr. Marcelo Rebelo de Sousa. Nela conviuse intensificar a cooperación luso-galaica cara a obter un mellor tratamento dos futuros fondos europeos para superar o noso común devalo demográfico. O propio Instituto Nacional de Estatística portugués calculou o ano pasado que a República pode perder máis da cuarta parte da súa poboación antes de 2080, baixando dos 10,3 millóns a 7,5, e iso cun enorme avellentamento, fundamentalmente a causa

da constante baixa fecundidade lusa (1,36 fillos/muller en 2016, só por riba de Italia e España, con 1'34; Galicia: 1,1).

Daquela, para nós, Portugal pode ser un gran aliado no Consello Europeo a fin de defender a necesidade de que a Unión se implique máis neste asunto, e que non só se centre no control migratorio, que semella ser a prioridade demográfica por excelencia para os Estados do Centro e do Norte, un grave erro ao noso xuízo.

O Presidente portugués aceptou o convite de visitar Galicia e demostrou estar ben informado da relevancia da nosa Eurorrexión e dos froitos da súa cooperación institucionalizada.

En canto aos Conselleiros, ademais dos xa citados que acompañaron ao Presidente, cómpre dicir que a Conselleira de Medio Ambiente estivo o 18 de febreiro en Bruxelas, onde se entrevistou co Comisario de Acción polo Clima e Enerxía, e co Director Xeral de Medio Ambiente da Comisión Europea, por asuntos relacionados coas súas responsabilidades.

O Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria estivo na UNESCO, en París, o 8 de marzo, para defender a candidatura das Illas Atlánticas-Cíes como Patrimonio da Humanidade, e en Bos Aires o 3 de maio, para ocuparse da cesión temporal de “A derradeira leición do mestre”, de Castelao.

O Conselleiro de Política Social estivo en Xenebra o 22 de xaneiro, para representar ás Comunidades Autónomas no seo da

delegación española perante o Comité de Dereitos do Neno de Nacións Unidas, e en Bruxelas o 15 de marzo, para participar no Consello de Emprego, Política Social, Sanidade e Consumidores (Epsco), así como en Luxemburgo o 21 de xuño, tamén nese Consello, tornando o 22 de maio en Bruxelas, no seo do Consello da UE de Educación, Xuventude, Cultura e Deporte.

A Conselleira do Medio Rural visitou Nüremberg o 11 de febreiro, para participar na feira Biofach, que é a máis salientable do sector no enorme mercado alemán, moi demandante deste tipo de produtos. Asemade viaxou a Bruxelas o 20 de marzo, para expoñer os requerementos galegos fronte á reforma da Política Agrícola Común.

A Conselleira do Mar tamén viaxou a Bruxelas o 22 de xaneiro, 9 de marzo, 24 e 28 de abril, sempre para afrontar a defensa da posición galega diante do futuro Fondo Europeo Marítimo e da Pesca e das esixencias galegas no seu sector.

Polo que atinxe ás viaxes ordinarias de cooperación territorial a Portugal, remítome ao convido de considerar estes desprazamentos como impropios da catalogación exterior.

E respecto ás viaxes de directores xerais e asimilados, comezo polo Secretario xeral da Emigración, quen estivo en febreiro en Brasil, coas colectividades de Salvador de Bahía, Santos e Sao Paulo; en marzo en Venezuela (en Caracas, Valencia, Maracaibo,

Puerto de la Cruz e Maracay). No mes de marzo visitou á colectividade galega en Zúrich (Suiza); en abril estivo en Alemaña e o Reino Unido e en maio en Arxentina, Uruguai, México (DF) e finalmente de volta en Caracas (Venezuela). En todas as viaxes presentou os programas da Secretaría xeral de Emigración, en especial os dirixidos ao retorno.

A directora de Turismo de Galicia viaxou en marzo a Berlín, para asistir á feira internacional de turismo ITB (Internationale Tourismus Börse) de Berlín co obxectivo de promover o potencial do Camiño de Santiago e os recursos naturais e enogastronómicos galegos. O mercado alemán é o segundo mercado internacional en Galicia e os datos revelan que o ano pasado obtivo uns dos seus mellores anos turísticos na Comunidade. Marcou máximos históricos, con máis de 260.000 noites nos establecementos regrados, o que supuxo un 5,6% máis que o ano anterior. Chegaron máis de 160.000 viaxeiros alemáns que tiveron unha subida da estadía media do 8,8%. No ámbito específico do Camiño de Santiago, Alemaña consolidouse como o segundo internacional, só detrás de Italia. Chegaron máis de 23.200 peregrinos desta orixe, un 7,72% máis que o ano anterior. Esta cifras conséguense grazas a presenza de Galicia na feira, á organización de viaxes de familiarización con axentes de viaxes e medios de comunicación e outras accións co mercado alemán.

No mes de xuño a Directora viaxou a Ámsterdam (Países Baixos) para manter reunións de prospección de cara á preparación do Xacobeo 2021.

Finalmente, Nava Castro visitou Osaka e Tokio, en Xapón, entre o 19 e o 23 de xuño de 2018, para presentar a oferta turística de Galicia nestas cidades, debido ao destacado papel que o mercado xaponés está a ter á hora de desestacionalizar e especializar a demanda turística galega. Segundo datos de Turespaña a chegada de turistas xaponeses a España aumentou de maneira progresiva na última década, pasando de recibir 250.000 viaxeiros nipóns anuais a máis de 400.000. Este dato unido ao gasto en destino fan deste mercado emisor, un dos máis interesantes de Asia.

E xa para rematar, eu realicei viaxes periódicas a Bruxelas e a Portugal, no ámbito do traballo ordinario da dirección xeral de Relacións Exteriores e coa UE.

Fico logo a súa disposición para calquera cuestión que desexen prantexar respecto do tema que aquí nos ocupa.

Moitas grazas.